



## Á ATENCIÓN DA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS GALEgos (CEG)

Dende a CIG-Ensino e a súa RLT no sector de Infantil etapa 0-3, damos rexistro ao presente escrito co que adxuntamos 5.807 sinaturas recollidas en máis de 200 Escolas de toda Galiza (privadas e de xestión indirecta) entre as traballadoras/es e comunidade educativa das Escolas Infantís etapa 0-3, dentro da campaña reivindicativa “**Por un Convenio digno e mellora da calidade educativa na Educación Infantil etapa 0-3**”, coa finalidade de desbloquear a negociación do XIII convenio estatal de educación infantil etapa 0-3.

Adxuntamos o manifesto asinado e que dá conta das nosas reivindicacións, para que sexa trasladado, xunto con este escrito que xustifica o nº de sinaturas recollidas, ás patronais do sector, á Consellería de Política Social (como responsable indirecta destes servizos ao establecer a súa gratuidade) e ás Asociacións/empresas que xestionan estes servizos na CC.AA.

Adiantamos que de asinarse este XIII convenio sen acadar estas reivindicacións e seguir precarizado laboral e salarialmente o sector, daremos os pasos precisos para intentar comezar as negociacións nun marco galego de relacións laborais que rematen nun “Convenio Galego” como única vía de lograrnos un convenio digno e xusto nesta etapa da Educación Infantil 0-3.

Coa mesma demandamos que interveñan dende este organismo, para dar comezo aos contactos entre as asociacións, empresas, patronais, administración a través do CGRLs e sindicatos representativos do sector para a constitución dunha mesa de negociación de ámbito galego .

A Coruña, 21 de marzo de 2024.

Recibido pola CEG:



Selo/ sinatura



Asdo.: Henrique García Vázquez,

Responsable da privada da CIG-Ensino